

# conectaLAB

LABORATORIO PARA EL DESARROLLO DE PROYECTOS CINEMATográfICOS

ORGANIZA:



EN COLABORACIÓN CON:



CON LA FINANCIACIÓN DE:



CON EL PATROCINIO DE:





## **CONECTA LAB**

### ¿QUE É?

Conecta Lab é un laboratorio para creadoras e creadores audiovisuais no que se impulsa e acompaña o seu proceso de creación, escritura e desenvolvemento de longametraxes e series (ficción e documental). Os proxectos seleccionados reciben asesorías de guiión e dirección por parte de recoñecidas e recoñecidos profesionais. O proceso culmina cunha residencia artística de dez días que ten a súa sede principal na illa de San Simón (Pontevedra).

O laboratorio está organizado por CREA, Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización, e conta co apoio da Deputación de Pontevedra, co financiamento do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e da Unión Europea-NextGenerationEU, e co patrocinio da Xunta de Galicia e da asociación DAMA.

# BASES

## CONECTA LAB 2023-2024

En Conecta Lab 2023-2024 poden participar guionistas e/ou directoras e directores con proxectos en desenvolvemento que contén, polo menos, cunha primeira versión de guión máis dossier (para longametraxes) e cunha primeira versión do piloto máis dossier (para series).

### #1 DATAS DE INSCRIPCIÓN

A inscrición de proxectos estará aberta desde o 30 de outubro ata o 30 de novembro de 2023.

### #2 PARTICIPANTES

Guionistas e/ou directoras e directores maiores de idade e residentes en España que poidan acreditar a autoría total do guión presentado ou a debida autorización en caso de existir outras persoas autoras.

### #3 PROXECTOS

- a) Longametraxe de ficción
- b) Longametraxe documental
- c) Series de televisión de ficción
- d) Series de televisión documental

### #4 DOCUMENTACIÓN

Para que o proxecto poida ser avaliado polo Comité de Persoas Expertas, deberase entregarse seguinte documentación:

- Guión  
No caso das series de televisión, deberá achegarse o guión do episodio piloto e o mapa de tramas e, para os documentais, o tratamento e a escada. O guión é un requisito indispensable para poder participar, pero non será avaliado polo comité, o cal só valorará o dossier.
- Dossier  
Un único documento en formato PDF no que se inclúan:
  - A sinopse
  - O tratamento
  - As notas de dirección (proposta artístico-visual, visión creativa, referencias...)
  - A biofilmografía (da ou do guionista e/ou directora ou director)
  - O status (axudas recibidas, apoios, produtoras...)
  - Anexos (calquera outra información relevante)
- Fotografía da persoa ou persoas autoras



## #5 CRITERIOS DE SELECCIÓN

En Conecta Lab 2023 seleccionaranse, de entre os proxectos presentados neste encontro, como mínimo, seis proxectos, dos cales cinco os escollerá o Comité de Selección e un, as produtoras participantes no evento Conecta+ realizado en xaneiro de 2023.

Os criterios de selección serán os seguintes:

- Calidade artística (50 puntos de 100)
- Viabilidade (25 puntos de 100)
- Relación do proxecto con Galicia e coa lingua galega (25 puntos de 100)

Así mesmo, polo menos o 50 % dos proxectos seleccionados deberán ser creados por persoas residentes en Galicia. Valoraranse especialmente as candidaturas presentadas por menores de 30 anos, así como a vinculación dos proxectos coas temáticas relacionadas coa illa de San Simón (a memoria histórica, o mundo do mar, a lusofonía etc.) e a participación no tecido asociativo profesional da comunidade.

## #6 COMITÉ DE SELECCIÓN

O Comité de Selección estará formado por entre tres a seis profesionais, dependendo do número de solicitudes, que valorarán os proxectos tendo en conta os criterios detallados.

## #7 INSCRIPCIÓN E RESOLUCIÓN

As solicitudes presentaranse a través do [formulario en liña](#), dispoñible na páxina web [crea.gal](#), na que tamén se fará pública a selección definitiva o 15 de xaneiro de 2024. A resolución do Comité de Selección será inapelable.

## #8 LABORATORIO PERSONALIZADO

Unha vez publicada a selección, organizarase un programa individualizado para cada participante, con titoras e titores e formacións adaptadas ás características do proxecto. Cada proxecto recibirá asesoría para a escritura de guión, dirección, preparación de materiais de venda e márketing, elaboración de pitch e demais ferramentas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais.



- A persoa que presenta o proxecto garante que ten potestade e está autorizada para facelo, e que posúe os dereitos de autoría relativos á obra presentada ou conta coa autorización doutras e doutros autores.
- As persoas seleccionadas comprométese a asistir ao laboratorio de forma presencial durante os días de abril de 2024 designados para a residencia artística en San Simón. Conecta Lab apoiará as persoas seleccionadas, facilitaralles o desprazamento ata a illa e cubrirá todos os gastos de aloxamento e axudas de custo.
- Os proxectos seleccionados deberán incluír nos créditos o logo de Conecta Lab, xunto ao de CREA e ao da Deputación de Pontevedra, no caso de que a produción se leve a cabo.
- Toda a información e a documentación presentadas a través do formulario trataranse con total confidencialidade. O Comité de Persoas Expertas estudaraas e avaliará os proxectos, pero non fará pública ningunha información.
- As persoas seleccionadas comprométese a cederlle e a entregarlle a Conecta Lab materiais promocionais para a súa difusión nas redes sociais e na web.
- Así mesmo, as persoas seleccionadas autorizan a Conecta Lab, a Deputación de Pontevedra e a CREA para facer uso do seu nome, fotografía e datos do proxecto (título e sinopse); tamén ao rexistro audiovisual para usalos durante o desenvolvemento de Conecta Lab, para os únicos efectos da documentación e promoción do encontro.
- A inscrición dun proxecto en Conecta Lab 2023 - 2024 supón a completa aceptación destas bases.